

CASA DOS ESPELLOS

Revista poliédrica da cultura galega · nº2 · 2019

CASA DOS ESPELLOS

Revista poliédrica da cultura galega

EDITA



Betanzos
ISSN 2603-9583

COORDINA

Ángel Arcay Barral

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

COLABORACIONES

Ángel Arcay Barral

Adrián Brandariz López

Laura Camino Plaza

Sara Fraga Pérez

Adrián Feijoo Sánchez

Catuxa Gómez Teijo

Juan Antonio Rodríguez Arnao

Jose A. Souto Santé

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

COMITE CIENTIFICO

Pilar Cagiao Vila (Universidade de Santiago de Compostela))

Carlota González Míguez (Asociación de Amigos del Parque del Pasatiempo)

David Martín López (U. Granada)

Ernesto Vázquez-Rey (U. da Coruña)

José Manuel Rey Bao (IES Francisco Aguiar)

Julián Ferrer García (IES Francisco Aguiar)

Patrizia Granziera Ceotto (Universidad Autónoma del Estado de Morelos)

Paz Moreno Felú (Universidad Nacional de Educación a Distancia)

Uxía Cagiao Teijo (IES Francisco Aguiar)

Xosé Luís Mosquera Camba (IES Francisco Aguiar)

COMITE TECNICO

Lucía Díaz Vilariño

Yosune Duo Suárez

Noelia Fraga Pérez

Diana Sobrado

DESEÑO E ILUSTRACIONES

Yosune Duo Suárez

(Ilustración de portada baseada en Camilo Díaz Baliño, ilustración do templete do Parque do Pasatiempo baseada nunha imaxe de Jose Souto Santé)

Diana Sobrado

Jose Souto San

Mar Vieites

(A partir dunha imaxe de Jose Souto santé: escudo de Betanzos da seguinte páxina tomado do cartel das festas de Betanzos do 1934 obra de Camilo Díaz Baliño e filigrana do índice sacada dos mosaicos de azulexos da Casa dos Espellos)

PERIODICIDADE CALL FOR PAPERS

Casa dos Espellos é unha revista anual que recibe os seus artigos antes do 31 de outubro

CONTACTO




casadosespellos.gal



facebook.com/casadosespellos/



casadosespellos@gmail.com



[A outra metade do Pasatempo: Reconstrución gráfica do recinto inferior.
Hipótese da recuperación da casaña dos espellos](#)

pax 8-15

Ricardo Varela Fernández

[Estatua de Mercurio do Parque do Pasatempo: Unha postal de Pedro Ferrer](#)

pax 16-23

Laura Camino Plaza

[Materiais empregados na construción do Pasatempo](#)

pax 24-51

Jose A. Souto Santé

[Placas en honor de los Hermanos García Naveira y sus obras](#)

pax 52-67

Juan Antonio Rodríguez Arnao

[Xardíns temáticos ou arte interactiva? O Parco Museo Jalari e o Parque do Pasatempo](#)

pax 68-87

Sara Fraga Pérez

[A arte no Pasatempo de Betanzos \(II\):](#)

[Entre as súas pezas e os catálogos franceses de fundición artística](#)

pax 88-115

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

[Tradición e modernismo en Sada.](#)

[Visual do patrimonio arquitectónico local conservado na actualidade](#)

pax 116-131

Adrián Brandariz López

[Laboratorio de formas: O Parque do Pasatempo no arquivo persoal de Isaac Díaz Pardo](#)

pax 132-151

Ángel Arcay Barral

[Fontes documentais arredor dos García Naveira \(II\):](#)

[A chegada da estrada ao Parque do Pasatempo](#)

pax 152-181

Ángel Arcay Barral e Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

[A emigración no cine de Chano Piñeiro: Mamasunción \(1985\) e Sempre Xonxa \(1989\)](#)

pax 182-203

Adrián Feijoo Sánchez

[O Parque do Pasatempo como recurso educativo: Unha proposta interdisciplinar](#)

pax 204-215

Catuxa Gómez Teijo








A OUTRA METADE DO PASATEMPO:

RECONSTRUCCIÓN GRÁFICA DO RECINTO INFERIOR.
HIPÓTESE DE RECUPERACIÓN DA CASIÑA DOS ESPELLOS



Ricardo Varela Fernández
Arquitecto especialista en Rehabilitación de
Xardíns Históricos

Ilustracións: Mar Vieites

Resumo

No repertorio da vasta imaxe iconográfica do parque, e tomando como base a Casa dos Espellos, este pequeno artigo ofrece unha reconstrución visual parcial, e indaga sobre a importancia da imaxe desaparecida, a súa representación, e as posibilidades que a análise arquitectónica ofrece cara o entendemento destas vellas estruturas perdidas, dentro do debate da súa rehabilitación/reconstrución e coa mirada posta no papel que desempeñan os bens culturais na cidade contemporánea.

Palabras chave: patrimonio, restauración, emigración, xardin histórico, reconstrución visual

Abstract

In the wide repertoire of the iconographic image of the park, and focussed on the House of Mirrors, this article offers a partial visual reconstruction of this building, and investigates the importance of the missing image, its representation, and the possibilities that architectural analysis offers face to Understanding of old missing structures, within the rehabilitation/ reconstruction debate and the role that heritage must play in the contemporary city.

Keywords: heritage, restoration, emigration, historic garden, visual reconstruction

Ainda que con só pouco mais dun 5% do recinto inferior orixinal conservado (ao contrario da súa outra metade sobre a ladeira) e sobrevivindo apenas elementos illados, estamos ante unha das presenzas arquitectónicas mais persistentes do patrimonio galego. En primeiro lugar porque despois de 40 anos desaparecido, e co único apoio da memoria e dun escaso material gráfico, seguimos tendo presente elementos tan icónicos como o trebolado estanque dos papas, a longuísima verxa pancega (fachada monumental do parque) cos seus dous leóns gardiáns... e, en definitiva, a visión, e a certidume de que

aquí se perdeu algo valioso, que latexa todavía e segue incómodo e presente, entre as sombras das construcións actuais.

Persistente precisamente porque non está resolto o papel que xoga esta peza patrimonial hoxe no debate da súa recuperación urbana, cunha incorrecta inserción das infraestruturas públicas que a circundan.

Perfectamente delimitado, querido e estudado, todo isto non foi impedimento para que o abandono (a que por outro lado se ve sometido sempre nalgún momento da súa vida o patrimonio) afondase no seu deterioro, e a adquisición pública socavase



A outra metade do Pasatempo: Reconstrución gráfica do recinto inferior | Ricardo Varela Fernández

definitivamente o recinto inferior, porque a súa restauración, decidida conscientemente, non apostou por unha recuperación integral.

O parque comeza dunha maneira moi clásica e monumental, sobre todo vindo do modesto ámbito de hortas, hórreos e vivendas mariñeiras na que se inserta, na pintoresca ribeira betanceira. O peche non deixa de ser un cliché elaborado para impresionar, un decorado brutal (por opulento) que se adquire con cartos e se instala nun camiño rural. A partir de aquí, a sucesión de esceas no parque non ten

acougo e irán apelotonándose cada vez máis unhas a outras canto máis nos adentremos no interior (porque suponse que un parque destas características, tan locuaz, ten moito que contar e que dispón de pouco espazo e tempo para elo). E coa eiva tamén de non dispor dun amplo parque verde que separe as esceas o suficiente para tomar alento, e que vaia preparando o encontro fortuito do visitante con elas. É o recurso con que un coleccionista de obxectos e arquitecturas constrúe unha paisaxe.



(Fig. 1) Reconstrución do autor.



(Fig. 2) Reconstrución do autor.

A casa dos espellos, era unha pequena construción cadrangular, que se adosaba en medianeira a un muro traseiro e que se conservou ata os anos oitenta do século pasado. De reducida superficie, funcionaba nunha esquina do xardín do octógono, case coma un pequeno pavillon lateral de acceso simétrico á casa da billeteira. Unha arquitectura festiva cunha terraza na cuberta que ofrecía un primeiro miradoiro dos moitos con que se dotará despóis o parque, neste caso sobre o camiño público arbolado do Carregal,

(fig. 1) e á perspectiva perfilada interior do paseo dos emperadores. O seu interior, maioritariamente valeiro, enchería os espazos murais alternados coas ventás, con espellos deformantes. A escaleira da terraza, como é habitual nestes divertimentos de Juan Naveira non estaría no interior senón que se disporía marxinalmente e en precario utilizando as fachadas e muros exteriores.

Dun fragmento conservado hoxe, acaroado nun muro, podemos extraer fácilmente a



A outra metade do Pasatempo: Reconstrución gráfica do recinto inferior | Ricardo Varela Fernández

totalidade destas edificacións, cun simple proceso de lóxica construtiva, e deducir con reservas o todo a partir do conservado (fig. 2).

A recuperación desta casiña -de azulexos exteriores e espellos interiores- perfectamente viable na súa implantación e cota orixinal (substituíndo parte do estacionamento de vehículos actual), serviría, aínda no seu illamento, para ir tecendo, urdindo, a recuperación espacial do recinto baixo do parque, e conectandoo cos outros dous elementos conservados.

Pero mais aló do que pode ser unha recuperación puntual de elementos escultórico-arquitectónicos, deberase afondar nunha actuación estrutural, que incorpore definitivamente os restos arqueolóxicos presentes baixo terra, así como as pegadas perimetrais do recinto, os camiños e circulacións, e a vexetación tanto no parterre do octógono coma o bosqueciño do estanque... todo isto deberá aprender a convivir coas infraestruturas actuais, incomodándoas en certo aspecto, por usurpar un territorio reservado á memoria da emigración, e que producirá unha discontinuidade e fragmentación do relato, pero que fará valer a lexitimidade desta restauración.

Como memoria do que foi e debe seguir sendo o xardin. Un debate sobre a

construción da memoria da emigración que é relevante facer aquí e que debe superar por fin a limitación das dotacións polideportivas construídas sobre un xardín histórico.

Incluso hoxe sombra do que foi, e sometido a todo clase de duros xuízos sae indemne, seguramente a salvo crítico pola personalidade que destila unha imaxinación rica que non atopa obstáculos, porque liberado do lastre que suporía unha casa ou palacete anexa, o xardín, tamén nomeado como horta, facía e desfacía coa única regra de obedecer ao seu creador.

Sempre con boa fortuna crítica, esta fama non o librou do risco de expirar xunto ao su autor. O primeiro que sufriu foron os 200m de verxa versallesca, seus marmóreos leóns copia de Canova, e os bustos romanos, (case o menos importante do conxunto) que se sustraeron polo seu valor de mercado pero que deron inicio á súa decadencia. Esta historia do seu deterioro e desmantelamento é case tan interesante como a da súa construción e nos marca o tempo cultural do noso país, o que tardou en reaccionar ata que foi considerado como patrimonio e se restaurou.



BIBLIOGRAFÍA

ÁLVAREZ ÁLVAREZ, Darío, (2007), *El jardín en la arquitectura del siglo XX. Naturaleza artificial en la cultura moderna*, Barcelona, Editorial Reverté.


CABANO VAZQUEZ, Ignacio, PATO GLESIAS M^a Luz. e SOUSA JIMENEZ, Xosé. (1992) “*El Pasatiempo*” *O capricho dun indiano*, Sada, Edicións do Catro.

SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús A., (2008), *Xardíns das Mariñas*, Fundación Juana de Vega e Asociación GAL Terra das Mariñas.

VAA, (2006), *Esculturas margivagantes. La arquitectura fantástica en España*, Madrid, Ediciones Siruela.

VAA, (1839), *Traité de la composition et de L´Ornement des jardins*, París, Audot, Éditeur du Bon Jardinier







NORMAS DE PUBLICACIÓN

TEMA

Casa dos Espellos: Revista poliédrica da cultura galega é unha revista anual de Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Antropoloxía e Literatura, podendo admitir outras temáticas segundo o criterio do seu Comité Científico.

TRABALLOS

Publicaranse traballos orixinais e inéditos, podendo reeditar traballos que contén un interese especial para a nosa temática. Non se aceptarán para a súa valoración traballos que foran publicados noutros medios ou estean en proceso de ser aceptados para outra publicación.

PRESENTACIÓN

Os traballos serán presentados por correo electrónico dentro do proceso de recepción de orixinais.

IDIOMAS

Os idiomas dos traballos poderán ser: galego, castelán, portugués e inglés.

FORMATO

A extensión máxima será de 10 follas sen ter en conta as imaxes. Entregarase unha copia formato Word ou Open Office, cunha letra Times New Roman a tamaño 12 e cun interlineado de 1,5. As notas ao pé terán un tamaño 10 e interlineado sinxelo. O sistema de citas será o Estilo Harvard, presentando as referencias completas ao final do texto.

O inicio do traballo debe contar cun título, un breve resúmen e cinco palabras clave que definan o traballo, no idioma do texto e a súa respectiva tradución ao inglés.

Noutro documento a parte, deberán aparecer os datos do autor: nome completo, correo electrónico, filiación profesional e unha breve descripción biográfica acompañada dunha imaxe para ser engadida ao apartado de “Colaboradores” da nosa web.

A Bibliografía aparecerá ao final do texto, ordenada alfabeticamente por autores e dentro de cada autor seguirá unha orde cronolóxica. Exemplos:

- Para libros: APELIDOS, Nome (Ano). Título. Lugar de edición, Editorial.
- Para artigos: APELIDOS, Nome (Ano). “Título do artigo”. En Título da Revista, número. Lugar de edición, Editorial, Páxinas.
- Para capítulo: APELIDOS, Nome (Ano). “Título do capítulo”. En APELIDOS, Nome. Título do libro. Lugar de edición, Editorial, Páxinas.
- Para notas de prensa: Título da publicación, data, número, páxina. *Título da nota ou da imaxe.*
- Para fotografías: APELIDOS, Nome (Ano). *Título da fotografía.* Medidas. Fondo.
- Para cuadros: APELIDOS, Nome (Ano). *Título da obra.* Material, medidas. Fondo.

IMAXES

As imaxes empregadas serán de autoría propia, estarán suxeitas a Creative Commons ou virán acompañadas do consentimento do autor para a súa publicación, no caso de ser un terceiro. O formato preferido será TIFF e a resolución mínima esixida será de 300ppp. De non contar ca resolución óptima poden ser desbotadas do artigo.

Non aparecerán no texto, senón que virán adxuntas no correo electrónico, cunha sinalización numérica (Fig. 1, Fig. 2, etc.) no traballo para que o equipo de deseño coñeza a súa disposición.

DIFUSIÓN

Todos os traballos presentados estarán dispoñibles en plataformas de acceso libre

DEREITOS

Os autores sempre serán os responsables legais dos seus textos. Non se poderá esixir ningún tipo de remuneración económica.

REVISIÓN

Será decisión do Comité Científico consultado, a publicación definitiva de cada traballo, tratando sempre de corrixir xunto co autor todos aqueles erros que sexan advertidos.

Os artigos de investigación estarán avaliados por dous expertos externos á Revista, mediante un sistema de dobre cego, sendo anónimo o proceso tanto para o autor coma para quen o avalíe.

A revista comprométese a adoptar unha decisión sobre a publicación de orixinais nun prazo de seis meses, reservándose o dereito de publicación nun prazo dun ano, dependendo sempre das necesidades da revista.

Casa dos Espellos contactará cos avaliadores aos que lles remitirá unha copia do texto sen indicio directo da identidade do autor e un modelo de informe no que se poida avaliar o contido do artigo, os aspectos formais, a calidade do texto, a clasificación tipolóxica no que deberemos encadralo e un veredicto no que se aconselle ou non a súa publicación ou a súa corrección. Estes datos poden ser enviados ao autor, tamén de forma anónima para o seu coñecemento e para favorecer as eventuais modificacións.

CORRECCIÓN

Casa dos Espellos conta cun Comité de Redacción que revisará todos os textos e poderá propoñer modificacións nos mesmos aos autores, que disporán dun prazo máximo de dúas semanas para solventar os erros indicados. Non se permitirán cambios sustanciais do texto entregado.

— O feito de participar na revista, garante a aceptación e o cumprimento destas normas —



